



ARQUITECTURA | MÚSICA

Onde a Música Habita



Presentación

"Un edificio ten dúas vidas. A que imaxina o seu creador e a vida que ten. E non sempre son iguais".

Rem Koolhaas

Certo é que son as persoas as que dan forma á sociedade, máis elemento clave que define estas sociedades é a súa arquitectura. Esta marca claramente como nos organizamos, como vivimos, é un factor esencial na cultura de cada pobo...

Máis, ¿porque un espazo ten que ter un único uso? ¿porque non se poden abrir a outras opcións, como por exemplo, á cultura?

Certo é que todo espazo debe ser concebido para o seu uso. Así por exemplo, á hora de deseñar un auditorio débense ter en consideración certos aspectos de sonorización que non serían necesarios no caso, por exemplo dunha vivenda. Ou se falamos dun museo, dunha tenda, dun colexio....cada un precisará duns elementos de deseño que outros non precisarán.

Pero eso non quere decir que a arquitectura dunha cidade non poida interactuar con outras disciplinas artísticas para a que a *priori* non foi deseñada, como neste caso facemos coa música.

A relación de diferentes disciplinas que nun principio non terían moito que ver, como é neste caso música e arquitectura permítenos non só ampliar públicos, senón tamén poñer en valor a arquitectura das nósas cidades, un valor que moitas veces, o público xeral descoñece.

Falamos de edificios, prazas, xardíns... polos cales pasamos cada día pero dos cales non coñecemos practicamente nada do seu valor cultural.

Seguramente por esta cotiandade acabamos por non apreciar a súa valía, facéndonos perder unha riqueza turística e cultural moi importante.

Pero para eso nace "Onde a Música Habita".

Da man do Colexio de Arquitectos de Santiago de Compostela, localizamos diferentes espazos arquitectónicos referentes na cidade - escapándonos daqueles edificios xa longamente coñecidos - para integrar neles a mellor música galega. Nesta ocasión a música ponse ao servicio da arquitectura, pensándose cada proposta programada ás características do espazo ou lugar arquitectónico.

En cada unha das programacións, planteada a modo de ciclo de duración anual, no cal se irán enmarcando e programando diversos concertos, ao público asistente ademais do espectáculo musical, ofreceráselle da man do gran Quico Cadaval, unha presentación do espazo no que se atopan.

As propostas musicais, en canto a aforo, variarán entre as 50 a 200 persoas, cifra que dependerá, por suposto, das características de cada localización. Como decimos, o que prima neste ciclo son as localizacións, a parte arquitectónica, polo que sempre tenderemos a adaptarnos ao espazo.

Na proposta inclúese tamén a elaboración de un breve video promocional de cada un dos concertos (2-3 minutos de duración cada video). Cada video realizarase con planos e imaxes de cada un dos espazos, coa música de cada un dos proxectos musicais programado en cada caso.

O primeiro concerto deste ciclo será o 26 de marzo, con Guadi Galego

Guadi Galego Tío

Colexio Raíña Fabiola



Guadi Galego é unha das artistas máis relevantes da escena galega actual, froito dunha andaina musical que comezou sen do moi nova.

No 1997 entra en Berrogüetto como vocalista, pianista e gaiteira, e dende ese momento daría paso a unha carreira que a levou por un camiño cheo de éxitos musicais como Espido (xunto a Guillermo Fernández), Nordestinas (xunto a Ugia e Abe Rábade), A Cada Canto (xunto a Guillermo Fernández, Xose Lois Romero e Xabier Díaz) ata o seu actual proxecto persoal, banda coa que está a traballar nun novo proxecto.

O ESPAZO: Colexio Raíña Fabiola

A faceta de teórico da arquitectura impregna toda a obra do italiano Giorgio Grassi. A súa idea de que os principios da arquitectura son únicos e inmutábeis reflíctese en toda a súa obra e, claro está, tamén no seu conceptual proxecto para un colexio público compostelán.

Construído nunha horta-xardín, nunha beira da cidade histórica, o severo edificio amosa na súa simetría e regularidade os valores de intemporalidade que lle permiten aparecer no centro do terreo como un volume sólido, sereno, sen formas sorprendentes.

DATA: Sábado 26 de marzo, ás 12h - Entradas en reservas.gal

Laura Lamontagne & Picoamperio Xardíns das Pedras



LaMontagne & PicoAmperio, abordan campos musicais diferentes que oscilan entre a tradición galego-portuguesa das «cantigas de amigo», ritmos electrónicos e ambientes íntimos provocados pola evolución de superficies de loops musicais. Poesía propia e adaptacións de Rosalía de Castro, Lorca, Pessoa, Martín Codax; rabia e desasosiego dunha viaxe turbulento como a vida. Mesturando a tradición e a realidade maquinal e tecnolóxica para contar historias, simplemente, porque o necesitamos. Un arco da vella trufado de cores hip hop, abstracción ambient, folclore medieval, sensibilidade india e toda caligrafía musical que invoque camiños abertos cara á excitación do inaudito. Unha experimentación que atopou no universo hip hop do Dj e produtor PicoAmperio o terreo para armar pontes a latitudes musicais que conforman un labirinto de sensacións baixo consigna «Elixé a túa propia aventura».

O ESPAZO: O pequeno xardín que hai no exterior do Colexio de Fonseca, é o único lue se conserva do antigo Xardín Botánico da USC, creado en 1845 no que eran as hortas deste edificio. No 1858 había máis de 1.000 especies no Xardín Botánico, das cales algunhas eran xestionadas pola "Sociedad Económica de Amigos del País" e polo Concello. Este espazo servía de complemento na investigación e docencia de Botánica, que daquela se levaba a cabo nas facultades de Medicina, Ciencias e, posteriormente, dende a súa creación en 1857, na Facultade de Farmacia.

DATA: 18 de xuño

Abraham Cupeiro

Museo de Ciencias Naturais



Construtor e multiinstrumentista, o que caracteriza a Abraham Cupeiro é a recuperación de instrumentos perdidos no tempo, e utilízalos para crear novas sonoridades e imbricalos en músicas alleas a eles.

Como instrumentista, destaca por ser unha das poucas persoas que toca o Karnix (trompeta celta da Idade de Ferro). A súa interese pola organoloxía, levoulle a conquistar unha colección de máis de 200 instrumentos de todo o mundo e de distintas épocas. É unha colección que ensina a modo de concerto- monólogo baixo o nome de Resoando no Pasado.

Dos seus múltiples proxectos presentará "Resoando no pasado", que presentará a trío xunto a Sabela Caamaño no acordeón e Margarida Mariño no chelo nun novo proxecto.

O ESPAZO: A antiga colección do Museo de Historia Natural da Universidade de Compostela, iniciada en 1840, alóxase nun novo edificio, deseñado por César Portela, situado un extremo do parque de Vista Alegre, delimitado polo río Sarela. O edificio, de traza lonxitudinal e baixa altura, estrutura os seus espazos expositivos de acordo coas catro principais seccións do museo, que se dedican á zooloxía, botánica, xeoloxía e á antiga colección de dioramas, restaurados para a súa nova instalación.

DATA: 17 de setembro

Xan Campos Trío

Praza de Conxo



Xan Campos lidera dende hai máis de 15 anos o seu proxecto máis persoal, Xan Campos Trío, unha proposta de jazz contemporáneo difícil de etiquetar e en continua ebulición, unha viaxe que comparte con Horacio García no contrabaixo e Iago Fernández na batería.

REALISMO é o terceiro traballo da banda despois de ORIXE CERO e ECTROPÍA, recoñecidos pola crítica e o público pola súa orixinalidade e por conseguir sentar as bases dun estilo propio máis alá deste xénero musical.

Con este novo disco consolídase como unha das bandas máis estables á vangarda do novo jazz deste século.

Se ben os temas son instrumentais, o 100% das obras interpretadas no concerto son de composición propia, compostas de feito polo propio pianista e líder do trío, Xan Campos

O ESPAZO: Nesta praza conflúen varias edificacións importantes: o Centro Sociocultural de Alfonso Penel e a Igrexa e o Mosteiro de Conxo.

Ademáis a poucos metros desta praza atópase o acceso ao parque que acolle o coñecido Banquete de Conxo, e por se fose pouco, un dos Camiños de Santiago pasa por ela.

Na actualidade atópase en proceso de rehabilitación.

DATA: 3 de decembro